XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO VI (Cumprimento obrigas transparencia)

CERTIFICACIÓN

Don/Dona_____Manuel Carrasco López_____

Secretario/a da Federación Galega de_____Tenis de Mesa_____

CERTIFICA:

Que na páxina web da Federación Galega de_Tenis de Mesa__ existe un apartado denominado "Transparencia" onde consta, polo menos, a seguinte información:

1. **Información institucional, organizativa e de planificación**

   a) Funcións: As federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas (art. 51.4 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia). As funcións ás que se deberá dar publicidade son as que se especifican no art. 56 da Lei do Deporte de Malicia, e recollidas tamén nos respectivos Estatutos federativos

   b) Normativa aplicable:
   - Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, ou norma que a substitúa.
   - Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
   - Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro.
   - Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia, ou ou norma que a substitúa.
   - Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade (Estatutos, Regulamentos, etc.)

   c) Estrutura organizativa: Organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (currículo profesional) dos integrantes dos mesmos.

2. **Información económica, orzamentaria e estatística**

   a) Relación de contratos subscritos cunha Administración pública con indicación de: obxecto e duración; importe de licitación e adxudicación; procedemento de celebración; no seu caso, instrumentos a través dos cales se publicitou; numero de licitadores no procedemento; identidade do adxudicatario; no seu caso, modificacións do contrato, decisións de desistencia e renuncia dos contratos; e, finalmente, porcentaxe total do contrato sobre o orzamento total da federación.
   Se os contratos tiveran unha duración inferior a un ano e os seus importes (excluído o IVE) foran inferiores a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate doutros contratos, a información poderá cumprimentarse trimestralmente.

   b) Relación de convenios subscritos cunha Administración Pública, indicándose: partes asinantes, obxecto e duración, modificacións realizadas, partes obrigadas á realización das prestacións e, no seu caso, obrigas económicas convidas.
   Neste apartado informarase tamén das subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe da mesma.

   c) Subvencións e axudas concedidas pola entidade ou recibidas dunha Administración pública, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.

   d) Orzamentos federativos, con descrición das principais partidas e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución.

   e) Contas anuais aprobadas pola Asemblea, informes de auditoría de contas, e informes de fiscalización complementarios que existan.

   f) Retribucións anuais (soldos e dietas), de xeito individualizado, dos máximos responsables federativos: Presidente/a, Secretario/a, Xerente, Tesoureiro/a, Director/a Técnico/a e demais membros dos órganos da federación que perciban retribucións. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.

E para que conste, expido o presente certificado,

___Oroso___ _11_ de __Febreiro__ de 202

O/a secretario/a

Firmado por CARRASCO LOPEZ MANUEL - ***3374** el día 14/02/2025 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

O/a presidente/a

Firmado por ***8307** NURIA CASTRO (R: ****4945*) el día 14/02/2025 con un certificado emitido por AC Representación